

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

CONVOCATORIA DE XUÑO

2017

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LINGUA INGLESA

(Cód 11)

Question 1. (1 punto)

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumíunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Question 2. (1 punto; 0.25 por cada palabra/ expresión correcta)

Question 3. (4 x 0.5 = 2 puntos).

Transformación dunha parte ou o total dunha frase tirada do texto noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de catro partes, cunha puntuación de 0,5 puntos para cada parte.

Question 4. (2 x 1= 2 puntos)

Esta pregunta avalía a comprensión de detalle do texto e a capacidade do alumnado para expresar as ideas aí contidas coas súas propias palabras. Aínda que na contestación non será necesario que se repita o enunciado da pregunta, en ningún caso se poderá contestar con respostas curtas de tipo “*Yes, he does*” ou “*No, they haven’t*”. Esta pregunta formularase con dous apartados. Cada un deles valerá 1 punto e evaluarase segundo os seguintes criterios:

1. O alumnado comprendeu a pregunta que se lle formulou e a súa contestación é axeitada e relevante.
2. O alumnado expresou as súas ideas sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Question 5. (3 puntos)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 3 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros; cada un deles puntuarase de 0 a 0.5 puntos:

a) Alcance. O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación.

b) Riqueza e control do vocabulario.

c) Corrección gramatical. O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir o “-s” da 3ª persoa do singular do Presente Habitual (he writeS), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros.

d) Fluidez. O alumnado posúe un dominio da lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.

e) Cohesión. O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión.

f) Coherencia. O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado

TOTAL = 9 puntos.

Segunda parte: LISTENING TEST (1 punto)